

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE XANEIRO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día once de xaneiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguiñedo Álvarez e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente do día 30 de decembro de 2021 e da sesión ordinaria do día 4 de xaneiro de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros hoxe presentes que asistiron á dita sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de xaneiro de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros hoxe presentes que asistiron á citada sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós e don Daniel Mallo Castro) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/72, o día 7 de xaneiro de 2022, presentado por dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira de Alternativa dos Veciños, no que comunica a súa ausencia do municipio do día 10 ao día 17 de xaneiro de 2022.

- Escrito de data 10 de xaneiro de 2022, presentado por don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, no que comunica a súa ausencia do municipio os días 15 e 16 de xaneiro de 2022.

- Resolución de Presidencia 51.097/2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións do programa DP0040, dirixido a concellos da provincia para a realización de festivais

de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 5, do 10 de xaneiro de 2022).

Consta unha subvención ao Concello de Cambre por importe de 22.241,55 euros en concepto de “Subvención para o festival de arte pública urbana na modalidade de pintura mural, Cromático Mural Fest 2021”.

- Orde do 29 de decembro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). (Diario Oficial de Galicia número 6, do 11 de xaneiro de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados da relación das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 30 de decembro de 2021 ao día 6 de xaneiro de 2022, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2392/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 17/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2392/2021	30-12-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 30 de decembro de 2021
2393/2021	30-12-2021	Multas tráfico - 99500000024723 Acordos de inicio
2394/2021	30-12-2021	Concesión de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
2395/2021	30-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra “Remodelación Praza Europa en Cambre (Fase I)”, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 3.401,19 euros, así como o seu pagamento.
2396/2021	30-12-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de xaneiro de 2022
2397/2021	30-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 137.534,30 €
2398/2021	30-12-2021	Aprobación de certificacións correspondentes á obra “Obras de mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro. O Temple. Cambre”, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 18.502,85 euros, así como o seu pagamento
2399/2021	30-12-2021	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación dos abonos das cotas do RETA, realizados polos beneficiarios de subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas – Programa Consolida Cambre 2021. (pago 90 beneficiarios/as)
2400/2021	30-12-2021	Baixa Servizo de Axuda no Fogar de G.R.T.
2401/2021	30-12-2021	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao terceiro trimestre de 2021.
2402/2021	30-12-2021	Asistencia Técnica para a obra de “Acondicionamento da pista polideportiva exterior A Ría. Temple. Redacción do proxecto básico e de execución.”



CONCELLO DE
CAMBRE

R.E.L. 01150177

2403/2021	30-12-2021	Modificación das Bases Reguladoras do Rasca e Gaña
2404/2021	30-12-2021	Autorización do cambio de titularidade de licenza de vao para acceso á oficina e almacén de empresa sita na rúa Francisco Añón, Cambre, a prol de G.C.,S.L.
2405/2021	30-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Abastecemento e pluviais en Pontido", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondente á factura por importe de 3.406,65 euros, así como o seu pagamento
2406/2021	30-12-2021	Concesión solicitude teletraballo R.A.M.
2407/2021	30-12-2021	Concesión solicitude teletraballo J.A.B.C.
2408/2021	30-12-2021	Concesión solicitude teletraballo M.F.V.
2409/2021	30-12-2021	Aprobación de facturas correspondentes a obra de "Pavimentación da rotonda de acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica (Cambre)" e outros reparos suspensivos
2410/2021	30-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Renovación da rede de abastecemento no Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo-Lema. Supervisado". Plan único de concellos. POS+ 2020, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 7.297,30 euros, así como o seu pagamento
2411/2021	30-12-2021	Contrato mixto (subministración e obra) para a montaxe dun parque infantil no CEIP Gonzalo Torrente Ballester
2412/2021	30-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 11.087,88 euros, así como o seu pagamento
2413/2021	30-12-2021	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe 47.250,85 euros, así como o seu pagamento
2414/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 14.075,37 €
2415/2021	31-12-2021	Prórroga do orzamento do exercicio 2021 ao 2022.
2416/2021	31-12-2021	Recoñecemento de obrigas a prol de Hebe Sport S.L. por importe de 28.688,28 euros en concepto de compensación polo desequilibrio económico relativo ao período de xuño a setembro de 2021 correspondente ao período de ampliación do contrato derivado tanto da redución de ingresos como do incremento dos gastos soportados a causa da situación da COVID 19
2417/2021	31-12-2021	Aprobación xustificación segunda achega convenio de promoción do ciclismo 2020
2418/2021	31-12-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Acondicionamento de pista polideportiva do CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Convenio de cooperación núm. 10/2021, Deputación da Coruña), e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe de 26.915,69 euros, así como o seu pagamento
2419/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 58.796,30 euros



CONCELLO DE
CAMBRE

R.E.L. 01150177

2420/2021	31-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Instalación de área de servizo para autocaravanas na rúa Samosteiro. Cambre", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe de 2.137,50 euros, así como o seu pagamento."
2421/2021	31-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 20/2021
2422/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 57.818,80 €
2423/2021	31-12-2021	Aprobación de certificación da obra e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas emitidas, por importe de 8.517,77 euros
2424/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 37.157,99 €
2425/2021	31-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 22/2021
2426/2021	31-12-2021	Proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos - Expediente 6 A, por importe de 10.900 euros
2427/2021	31-12-2021	Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos – Expediente 7 A, por importe de 5.515,80 euros
2428/2021	31-12-2021	Recoñecemento da perda do dereito ao cobro da primeira e segunda achega correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA do colexio público de Sigrás para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2020/2021
2429/2021	31-12-2021	Aprobación da documentación xustificativa correspondente á segunda e terceira achega do convenio, así como o recoñecemento de obrigas resultantes da segunda e terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2020-2021 e posterior pagamento
2430/2021	31-12-2021	Aprobación da segunda e terceira achega correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2020/2021
2431/2021	31-12-2021	Aprobación da segunda achega correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Mencer do CEIP Graxal para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2020/2021
2432/2021	31-12-2021	Aprobación de certificación correspondentes á distintas obras e facturas correspondentes por importe total de 37.978,35 euros
2433/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 34.096,78 euros
2434/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 12.702,99 €
2435/2021	31-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 16.553,68 €
2436/2021	31-12-2021	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
2437/2021	31-12-2021	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Mencer do CEIP Graxal para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2438/2021	31-12-2021	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
2439/2021	31-12-2021	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
2440/2021	31-12-2021	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
1/2022	03-01-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.M.R.R., por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza reguladora
2/2022	03-01-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a A.D.R.M., por esgotar período máximo de concesión de 18 meses
3/2022	04-01-2022	Aprobación Cabalgata Reis 2022
4/2022	04-01-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a C.S.P. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
5/2022	04-01-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.J.B.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
6/2022	04-01-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.N.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
7/2022	04-01-2022	Denegación axuda emerxencia social a M.C.D.V., por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
8/2022	04-01-2022	Concesión de permiso de lactancia e disfrute de vacacións
9/2022	04-01-2022	Suspensión dos actos realizados por M.C.y R.S.L., consistentes na ocupación da vía pública cun contedor para entullos, uns acopios de materiais diversos e uns valos na rúa Pígara, O Temple, carecendo do preceptivo título habilitante, e incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística núm. 2021/I002/000094
10/2022	04-01-2022	Concesión, denegación e revogación de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa (4º trimestre 2021)
11/2022	04-01-2022	Concesión, denegación e revogación da bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (4º trimestre 2021)
12/2022	04-01-2022	Suspensión dos actos realizados por M.C.y R.S.L., consistentes na ocupación da vía pública cun contedor para entullos, uns acopios de materiais diversos e uns valos na rúa Constitución, O Temple, carecendo do preceptivo título habilitante, e incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística núm. 2021/I002/000095
13/2022	04-01-2022	Expediente de reposición da legalidade urbanística por non axustarse á licenza concedida de local sito na rúa Polígono
14/2022	05-01-2022	Aprobación das estruturas Cabalgata estática de Reis 2022
15/2022	05-01-2022	Corrección erro Resolución nº 14/2022 de data 5 de xaneiro

16/2022	05-01-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a I.S.M. por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses establecido na ordenanza
17/2022	05-01-2022	Denegación axuda emerxencia social a L.D.S. por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses establecido na ordenanza

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Obra eléctrica complementaria da realizada pola empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo" á empresa Celso Núñez,S.L., no prezo ofertado de 7.505,24 € sen IVE, 9.081,34 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000257, sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión.

Única. Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Obra eléctrica complementaria da realizada pola empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo" á empresa Celso Núñez,S.L., no prezo ofertado de 7.505,24 € sen IVE, 9.081,34 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000257

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xaneiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 16/11/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o documento denominado "Memoria valorada ", correspondente á "Obra eléctrica complementaria da realizada pola empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo" , cun importe base de licitación de 7.555,24 € sen IVE, 9.141,84 € IVE incluído e prazo de execución de 2 meses.

Con data 23/12/2021 asínase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Proposta-Informe de necesidade", correspondente á "Obra eléctrica complementaria da realizada pola empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo" elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, no que se motiva a necesidade da obra xustificando que:

"O Concello de Cambre pretende realizar a urbanización unha superficie de 261,20 m², resultante de aplicar un retranqueo de 6 metros do viario existente dos que corresponden 72,60 m² á parcela catastral 4019113NH5941N0000LF (Susana Santiso Calvo), 80 m² á parcela catastral 4019111NH5941N0001WG (Ana Santiso Lamas) e 108,60 m³ 4019103NH5941N0001EG (José Antonio Santiso Ferreiro).

Para iso contrátase o expediente 2021/C002/000156.

Paralelo a esta contratación o departamento de urbanismo solicita a UFD e Telefónica, as condicións técnicas para o soterramento de liñas aéreas que discorren pola zona a urbanizar, presentándose esta actuación como unha obra de oportunidade.

O 29 de outubro de 2021 UFD remite orzamento para a execución dos traballos de actuación sobre a rede de distribución existente en servizo, necesario para a modificación da instalación por un importe de 19.508,12.

Consultado coa empresa UFD sobre o orzamento presentado, esta infórmanos que hai unha parte de orzamento que necesariamente ten que facer a empresa UFD por ser traballos en redes en tensión, pero que existe outra parte das obras que se pode contratar á empresa certificada do sector.

O 29 de outubro de 2021 recibimos orzamentos separados da empresa UFD indicándonos que parte dos traballos debería realizar necesariamente UFD por ser actuación sobre a rede de distribución existente en servizo, necesarios para a modificación da instalación, ascendendo estes traballos á cantidade de 2.092,70 € e achegando a listaxe, sen prezo, de traballos a realizar, podéndose estes executarse por calquera empresa certificada do sector.

Esta listaxe achégase a continuación como memoria valorada da actuación no cal a técnica que subscribe engadiu prezos de mercado e do cal se conclúe o prezo final para a licitación.

Con data 21/12/2021 o Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo e Obras, mediante providencia, desiste do procedemento de adxudicación do contrato menor incoado para a “Obra eléctrica complementaria de la realizada por la empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo” (expte. 2021/C002/000253), ao abeiro do establecido no artigo 152.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, toda vez que se detectan erros non emendables no procedemento de contratación. Esta desistencia non impide a iniciación dun novo procedemento de licitación, de considerarse oportuno, no cal se teñan en conta as circunstancias indicadas.

Trátase dunha necesidade puntual non recorrente, unha actuación non planificada de necesidade urxente para, xunto coa execución da senda, adaptación deste tramo á normativa de accesibilidade, aproveitando a existencia dos fondos a cargo do remanente municipal, fondos cos que non se contaba ata a data e, debido a que por indicacións de intervención o gasto ten que quedar esgotado antes de final de ano, urxe a súa tramitación por este procedemento e inhabilita a posibilidade de utilizar calquera outro proceso de contratación.

Dado o importe da obra (9.141,84 € IVE excluído <50.000,00 €), as datas nas que nos atopamos, en vista dos prazos administrativos mínimos para a súa licitación e adxudicación por un procedemento ou aberto, resulta moi difícil xustificar a execución da obra na data límite fixada por un procedemento aberto. Ademais, trátase dunha obra de escasa envergadura que urxe a súa execución polo perigo que supón a situación actual para os veciños ao ter que transitar pola estrada sen beirarrúas en ningunha das marxes, non existindo a posibilidade de moverse a persoas con mobilidade reducida, propónse a tramitación urxente dun contrato menor.

En consecuencia, seguindo as directrices establecidas na Orde VIV/561/2010, sobre as “condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados”, considérase a eliminación de postes no novo aceirado no tramo sinalado, así como a dotación da sinalización horizontal de seguridade.

Con data 10/01/2022 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 459.61900 (Outros investimentos reposición outras infraestruturas).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 29/12/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta que:

“**Primeiro:** No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- CELSO NÚÑEZ S.L.	B15162399
- INSTELEC S.L.	B15025661
- FONDO INSTALACIONES ELÉCTRICAS S.L.	B70542477

Segundo: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
INSTELEC S.L.	7.555,24 €	9.141,84 €

CELSE NÚÑEZ S.L.	7.505,24 €	9.081,34 €
------------------	------------	------------

Formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á “Obra eléctrica complementaria da realizada pola empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo”, á empresa CELSO NÚÑEZ S.L., con NIF B15162399, domicilio en rúa Bell, 12, Polígono industrial Espíritu Santo, 15650, Cecebre, Cambre no prezo ofertado de 7.505,24 € sen IVE, 9.081,34 € IVE incluído, por ser a empresa que presentou a mellor oferta económica atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.”

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 10 de xaneiro de 2022, e mailo informe de fiscalización NUM 7/2022 - REPARO 3 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 10 de xaneiro de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado d) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Obra eléctrica complementaria da realizada pola empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo”, cun importe de licitación de 7.555,24 € sen IVE, 9.141,84 € IVE incluído e prazo de execución de 2 meses, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 459.61900 (Outros investimentos reposición outras infraestruturas).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000257, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato menor correspondente á “Obra eléctrica complementaria da realizada pola empresa distribuidora para soterramento de liña eléctrica en Meixigo” á empresa CELSO NÚÑEZ S.L., con NIF B15162399, domicilio en rúa Bell, 12, Polígono industrial Espíritu Santo, 15650, Cecebre, Cambre no prezo ofertado de 7.505,24 € sen IVE, 9.081,34 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Designar como coordinadora da seguridade e saúde á empresa Gallega de Coordinaciones S.L., adxudicataria do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022).

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, á empresa coordinadora da seguridade e saúde, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

A seguir, o señor alcalde informa da súa intención de regularizar e harmonizar a ocupación da vía pública, co fin de resolver determinadas problemáticas, como a colocación de contedores por un período de tempo máis prolongado do necesario, a deterioración de beirarrúas coa entrada de vehículos que non contan coa autorización de vao, etc.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López